

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE IGUALDADE

**20160** *Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller.*

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, regula, no seu artigo 78, o Consello de Participación da Muller como o órgano colexiado de consulta e asesoramento co fin esencial de servir de canle para a participación das mulleres na consecución efectiva do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación por razón de sexo, e establece que o seu réxime de funcionamento, competencias e composición se determinará regulamentariamente, garantindo, en todo caso, a participación do conxunto das administracións públicas e das asociacións e organizacións de mulleres de ámbito estatal.

Pola súa parte, de acordo co Real decreto 1135/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Igualdade, este é o departamento da Administración xeral do Estado ao cal corresponde a proposta e execución das políticas do Goberno en materia de igualdade, eliminación de toda clase de discriminación das persoas por razón de sexo (...) e erradicación da violencia de xénero. Así mesmo, correspóndelle, en particular, a elaboración e o desenvolvemento das normas, actuacións e medidas dirixidas a asegurar a igualdade de trato e de oportunidades, especialmente entre mulleres e homes, e o fomento da participación social e política das mulleres.

En consecuencia, correspóndelle ao Ministerio de Igualdade propor ao Consello de Ministros o desenvolvemento das previsións do artigo 78 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, mediante a elaboración deste real decreto.

Este real decreto foi obxecto do trámite de consulta ás organizacións e asociacións de mulleres de ámbito estatal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Igualdade, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 20 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I

##### Obxecto, natureza e funcións

###### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as funcións, a composición e o funcionamento do Consello de Participación da Muller, previsto no artigo 78 da Lei de igualdade.

###### Artigo 2. *Natureza xurídica e fins.*

1. O Consello de Participación da Muller é un órgano colexiado de natureza participativa e de carácter consultivo e asesor, adscrito á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Igualdade.

2. Creado como espazo de encontro, de colaboración e de cooperación das organizacións e asociacións de mulleres de ámbito estatal e das administracións públicas,

para a consecución efectiva do principio de igualdade de trato e de oportunidades de mulleres e homes, o Consello terá os seguintes fins:

- a) Ser a canle para a participación das mulleres no desenvolvemento e aplicación do dereito á igualdade e na loita contra a discriminación, recollendo as demandas e propostas dirixidas a tal fin.
- b) Actuar como interlocutor das entidades representativas das mulleres ante as administracións públicas e ante calquera institución de carácter público ou privado, ante as políticas públicas, xerais e específicas propostas, e as iniciativas e medidas encamiñadas á consecución da igualdade.

### Artigo 3. *Funcións.*

1. Para o cumprimento dos fins sinalados no artigo 1, o Consello de Participación da Muller terá as funcións de asesoramento e proposta sobre cantas medidas de políticas de igualdade entre mulleres e homes aborde o Goberno. En particular, atribúenselle as funcións seguintes:

- a) Elaborar informes sobre as propostas, plans e programas que poidan afectar a igualdade entre mulleres e homes, por iniciativa propia ou cando lle sexan requiridos polos órganos competentes da Administración xeral do Estado, así como formular propostas e recomendacións nesta materia.
- b) Propor medidas para a promoción integral da igualdade de trato e de oportunidades de mulleres e homes, dentro do marco de competencias da Administración xeral do Estado.
- c) Reunir información dos programas e actividades que, en materia de igualdade entre mulleres e homes leva a cabo a Administración xeral do Estado, así como daqueles outros desenvolvidos en cooperación con outras administracións públicas, e proporcionar ás organizacións de mulleres información relativa a todos os temas que as afecten, dentro do marco lexislativo e financeiro da Unión Europea.
- d) Recoller e canalizar as propostas das organizacións sociais con actividade no ámbito da igualdade ente mulleres e homes.
- e) Promover ou elaborar estudos e iniciativas sobre materias da súa competencia.
- f) Cooperar con outros órganos análogos de ámbito nacional, autonómico, local e internacional, con vistas a coordinar e mellorar todas aquelas actuacións que redunden en beneficio da efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes, para cuxo obxecto se terán as oportunas reunións.
- g) Promover o intercambio de experiencias, debates, discusións e encontros de organizacións e asociacións de mulleres de ámbito estatal, co fin de lles proporcionar información relativa á realidade social das mulleres.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre os traballos e actividades realizados.
- i) Cantas outras actuacións se consideren necesarias para lograr o seu obxectivo, así como calquera outra que as disposicións vixentes lle atribúan.

2. Ademais das funcións previstas no número 1, ao Consello de Participación da Muller correspóndelle emitir informe, cando lle sexa requirido polos órganos competentes da Administración xeral do Estado, sobre os anteproxectos de leis e proxectos de reais decretos de competencia estatal que regulen materias relacionadas coa igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación por razón de sexo; así como, con carácter preceptivo, sobre o Plan Estratégico de Igualdade.

O prazo para emitir o dito informe, de ser o caso, será o fixado polo Goberno ou o órgano competente da Administración xeral do Estado, na orde de remisión do expediente ou na solicitude de consulta.

O prazo para a emisión do informe non será inferior a 30 días, salvo que o Goberno, ou o órgano competente da Administración xeral do Estado, fagan constar a súa urxencia, caso en que o prazo non poderá ser inferior a 10 días.

Transcorrido o correspondente prazo sen que o ditame for emitido terase por cumprido o trámite e poderanse proseguir as actuacións de procedemento.

3. As propostas, acordos ou recomendacións do Consello de Participación que se eleven ao Goberno canalizaranse a través da Secretaría Xeral de Políticas de Igualdade.

## CAPÍTULO II

### Composición

#### Artigo 4. *Composición.*

1. O Consello de Participación da Muller estará constituído por unha Presidencia, dúas vicepresidencias, unha Secretaría e 40 vogalías, 13 en representación das administracións públicas, 20 das organizacións e asociacións de mulleres, catro en representación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas a nivel estatal e tres persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito da igualdade.

2. As vogalías en representación das administracións públicas serán exercidas:

a) Por dez persoas, con rango polo menos de director xeral, en representación dos departamentos ministeriais que designe a Comisión Interministerial de Igualdade, por proposta do titular do ministerio respectivo.

b) Por dúas persoas en representación das comunidades autónomas, e cidades de Ceuta e Melilla, designadas pola Conferencia Sectorial de Igualdade.

c) Por unha persoa en representación da asociación de entidades locais máis representativa de ámbito estatal, designada por proposta daquela.

3. As vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres serán exercidas por aquelas persoas elixidas como representantes polas propias organizacións, sempre que estas reúnan as seguintes condicións:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente, e que os seus fins estatutarios se enmarquen na defensa da igualdade e a loita contra a discriminación das mulleres.

b) Ter un ámbito de actuación estatal segundo os seus estatutos e unha existencia de, polo menos, catro anos e realizar programas, polo menos, en dúas comunidades autónomas. Nos supostos de federacións de asociacións, bastará con que polo menos a metade das asociacións federadas teñan unha antigüidade de, cando menos, catro anos, aínda que a federación como tal teña unha antigüidade menor.

4. En todo caso, as vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres deberán reflectir a pluralidade do movemento asociativo de mulleres e garantir a representatividade de organizacións profesionais, empresariais e rurais, e de colectivos con especiais dificultades.

5. Así mesmo, poderán ser convocados ao Pleno, a unha comisión ou a un grupo de traballo representantes ou personalidades doutras administracións públicas, organismos e institucións en función da natureza ou do ámbito territorial dos temas que se vaian tratar, de interese para o Consello. Estes representantes actuarán con voz pero sen voto.

#### Artigo 5. *Da Presidencia.*

1. Exercerá a presidencia do Consello de Participación da Muller a persoa titular do Ministerio de Igualdade.

2. Serán funcións da Presidencia:

a) Asumir a representación.

b) Exercer a dirección.

c) Asegurar o cumprimento das leis.

- d) Convocar as sesións do pleno, presidilas e moderar o desenvolvemento dos debates.
- e) Fixar a orde do día das reunións, tendo en conta, de ser o caso, as peticións das vogalías, formuladas coa suficiente antelación.
- f) Dirimir co seu voto as votacións, en caso de empate.
- g) Visar as actas e certificacións dos acordos.
- h) Todas aquelas outras funcións que sexan intrínsecas á súa condición.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, ocupará a presidencia, en primeiro lugar, a persoa que exerza a vicepresidencia primeira e, en ausencia desta, a persoa que desempeñe a segunda.

#### Artigo 6. *Das vicepresidencias.*

1. A Vicepresidencia primeira será exercida pola secretaria xeral de Políticas de Igualdade. A Vicepresidencia segunda será elixida por e entre as persoas que exerzan as vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres.

2. Correspóndelles ás vicepresidencias:

- a) Substituír, pola súa orde, a persoa que exerza a presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, exercendo as funcións que a esta lle están atribuídas.
- b) Cantas outras funcións lles sexan delegadas pola Presidencia.

3. As funcións das vicepresidencias non serán delegables.

#### Artigo 7. *Da Secretaría.*

1. Exercerá a secretaría quen desempeñe a Secretaría Xeral do Instituto da Muller.

2. Correspóndelle á Secretaría:

- a) Asistir ás reunións do pleno, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar as convocatorias das sesións do Consello por orde da Presidencia, así como as citacións aos membros.
- c) Recibir as comunicacións que as vogalías do Consello lle dirixan, así como cantas notificacións, xustificantes de recepción, excusas de asistencia, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos se remitan ao Consello de Participación.
- d) Facilitarlles, por medio dos servizos correspondentes, aos demais membros do Consello a información e a asistencia técnica que sexan necesarias para o exercicio das funcións encomendadas a eles.
- e) Elaborar e autorizar as actas das sesións do Consello de Participación e emitir as correspondentes certificacións.
- f) Cantas outras lle sexan inherentes.

#### Artigo 8. *Das vogalías.*

Correspóndelles ás vogalías:

- a) Participar nos debates e efectuar propostas relacionadas cos fins e funcións do Consello.
- b) Participar nos grupos de traballo que se constitúan.
- c) Exercer o dereito de voto, podendo facer constar na acta a súa abstención ou voto particular.
- d) Acceder á información necesaria para poder cumprir as súas funcións. Para tal efecto, deberán formular por escrito a petición correspondente dirixida á Secretaría do Consello.
- e) Ser informadas, ben no pleno, ben a través de comunicación individual, da convocatoria anual de subvencións do Instituto da Muller, destinadas a organizacións e asociacións de mulleres, así como das resolucións das convocatorias de subvencións

dirixidas ás organizacións e asociacións de mulleres que aprobe, de ser o caso, o Ministerio de Igualdade ou o Instituto da Muller.

- f) Formular peticións e preguntas.
- g) Cantas outras funcións sexan intrínsecas á condición de vogal.

Artigo 9. *Procedemento de elección e duración do mandato das vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres.*

1. O procedemento de elección das vogalías correspondentes ás organizacións e asociacións de mulleres, será convocado para o efecto pola ministra de Igualdade, dirixido ás organizacións e asociacións de mulleres que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4.3, as cales poderán presentar as correspondentes candidaturas.

2. O proceso de elección, que deberá garantir os criterios de representatividade previstos no artigo 4.4, rexerá polas bases establecidas na dita convocatoria, que conterán, como mínimo, o procedemento para solicitar a participación nel como electoras e elixibles, o procedemento para a emisión do voto por aquelas organizacións e asociacións admitidas e a publicación da relación das organizacións e asociacións elixidas para cubrir as vogalías correspondentes ás organizacións e asociacións de mulleres.

3. A duración do mandato das persoas que exerzan as vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres será de cinco anos e cando finalice realizarase un novo procedemento de elección.

4. Ademais de por expiración do mandato, serán causas de cesamento as seguintes:

- a) Por renuncia.
- b) Por deixaren de concorrer os requisitos exixidos na convocatoria para poder formar parte do proceso de elección.
- c) Por acordo da entidade á cal representa, comunicado á Secretaría do Consello.
- d) Por renuncia da organización á cal representa quen ocupe a vogalía correspondente.

### CAPÍTULO III

#### Funcionamento

Artigo 10. Pleno.

1. O Consello de Participación da Muller manterá, polo menos, dúas sesións plenarias ordinarias ao ano, cuxa convocatoria será acordada pola Presidencia. Correspóndelle á Presidencia convocar sesións extraordinarias, cando o considere xustificadas ou, de ser o caso, tras a solicitude razoada da maioría das vogalías do Consello.

2. As convocatorias ordinarias do Consello efectuaranse coa debida antelación e, polo menos, quince días antes da data da reunión. Para as extraordinarias poderase reducir este prazo, que en ningún caso será inferior a oito días antes da data de reunión.

3. As convocatorias deberán indicar o día, a hora e o lugar, así como a orde do día, e incluír, de ser o caso, a documentación adecuada para o seu estudo previo.

4. Para a válida constitución do Pleno en primeira convocatoria, requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, respectivamente, ou, de ser o caso, das que as substitúan, e a da metade, polo menos, dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros.

5. Correspóndelle ao Pleno aprobar as normas de organización e funcionamento interno do Consello. Así mesmo, correspóndelle aprobar as liñas xerais de actuación do Consello, a creación dos grupos de traballo que considere necesarios; e discutir e, de ser o caso, aprobar os informes presentados pola Comisión Permanente e as comisións de traballo.

Artigo 11. *Reunión informativa.*

Anualmente, a Presidencia poderá convocar unha reunión informativa do Consello con representantes de todas as organizacións e asociacións de mulleres que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4.3, aínda que non obtivesen representación no Pleno.

Artigo 12. *Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente estará integrada polas persoas que exerzan a vicepresidencia primeira do Pleno, que a presidirá, e a vicepresidencia segunda, que exercerá a vicepresidencia da Comisión Permanente; e por seis vogalías elixidas polo Pleno, das cales tres o deberán ser en representación das organizacións e asociacións de mulleres representadas nel, que designarán elas mesmas, e tres en representación do resto de integrantes do Pleno. A Secretaría do Pleno exercerá tamén a da Comisión Permanente, con voz pero sen voto.

2. A Comisión Permanente é o órgano executivo do Consello de Participación da Muller para o exercicio das súas funcións e cometidos relativos a asuntos de trámite, de preparación ou de estudo. Terá atribuídas as facultades que aseguren a execución dos acordos adoptados polo Pleno do Consello e realizará, así mesmo, tarefas de apoio e asesoramento ás funcións da Presidencia cando se reúna o Pleno, e calquera outra que este lle encomende.

Artigo 13. *Grupos de traballo.*

1. O Pleno do Consello poderá crear, cando o considere necesario e por maioría dos seus membros, grupos de traballo para o exame das materias obxecto da súa competencia, aos cales encomendará o estudo e análise de temas específicos.

2. O Pleno decidirá, ao constituír os grupos de traballo, o obxecto, a finalidade, a composición e o funcionamento de cada un deles. Estarán integrados, en todo caso, por un máximo de 10 vogais.

3. Os grupos de traballo elaborarán informes ou propostas que, para a súa aprobación, deberán ser sometidos ao Pleno ou, de ser o caso, á Comisión Permanente. Neles poderanse reflectir as opinións discrepantes dos seus integrantes. Así mesmo, poderán convocar expertos nas materias que traten, coa finalidade de solicitar a súa opinión e asesoramento.

Disposición adicional primeira. *Convocatoria do proceso de elección das vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres.*

No prazo de tres meses desde a publicación deste real decreto, a ministra de Igualdade convocará o procedemento de elección das vogalías correspondentes ás organizacións e asociacións de mulleres, previsto no artigo 9.

Disposición adicional segunda. *Prazo para a elaboración e aprobación das súas normas de organización e funcionamento interno.*

No prazo de tres meses desde a súa constitución, o Pleno elaborará e aprobará as normas de organización e funcionamento interno do Consello.

Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico.*

No non previsto neste real decreto, o funcionamento do Consello de Participación rexerá polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional cuarta. *Financiamento.*

Para o desempeño das súas funcións, o Consello de Participación da Muller contará cos créditos orzamentarios que asigne o Ministerio de Igualdade, sen que en ningún caso se poida orixinar incremento do gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Igualdade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Igualdade,  
BIBIANA AÍDO ALMAGRO